PROXECTO APROMEX

Portal Web Xeográfico con información relativa ao mexillón

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

1.Alcance e obxecto do documento

O presente documento constitúe o manual de usuario do xeovisor do proxecto **APROMEX**, Portal Web Xeográfico con información relativa ao mexillón, accesible no enderezo electrónico https://utmar.cetmar.org/geovisor-apromex/charts/map/

2.Descrición funcional da aplicación

O Portal Web Xeográfico do mexillón e o xeovisor APROMEX son unha aplicación web que se accede desde un navegador web sen requirimentos de instalación de ningún outro software nos equipos das persoas usuarias.

O Portal Web Xeográfico é unha aplicación de consulta libre, pero tamén dispón dunha parte privada de acceso a aqueles usuarios/as autorizados/as polo **CETMAR**.

Tendo en conta estas premisas, a continuación descríbense as funcionalidades deste Portal.

2.1 Parte pública: acceso ao Portal Web Xeográfico

O acceso ao Portal Xeográfico realízase desde a URL pública indicada anteriormente que dá acceso directo ao xeovisor do Portal con información xeorreferenciada relativa ao mexillón.

Desde esta pantalla tense acceso á funcionalidade completa do Portal Xeográfico. Non obstante, a información xeográfica dispoñible está limitada, xa que certa información só está accesible para aquelas persoas usuarias que teñan acceso privado e se rexistren no Portal.

2.2 Parte privada: pantalla de acceso ou login

Como se indica no apartado anterior, o Portal Xeográfico dispón dunha sección privada de consulta de información xeorreferenciada restrinxida a usuarios autorizados polo **CETMAR**.

Para acceder á sección privada, as persoas usuarias tan só teñen que acceder á parte pública do Portal Xeográfico, pulsar no botón de usuario sito na esquina superior dereita da pantalla e posteriormente pulsar en Iniciar sesión.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 1. Parte pública do Portal Xeográfico: botón de acceso e rexistro na sección privada do mesmo.

A continuación, abrirase unha pantalla de rexistro onde as persoas usuarias accederán coas credenciais de usuario que lles facilitase previamente o **CETMAR** ao xeovisor cunha maior cantidade de información adecuada ao seu rol de usuario.



Figura 2. Pantalla de rexistro e acceso á sección privada do Portal Xeográfico.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

2.1 Funcionalidades

Descritos os 2 modos de acceso ao Portal Xeográfico (parte pública e parte privada), nos seguintes subapartados descríbense as súas funcionalidades.

2.1.1 Acceso directo ao Portal Xeográfico

Cando a persoa usuaria está na pantalla de login, na de administración de usuarios, ou na pantalla do comparador de mapas (estas últimas describiranse en próximos apartados), pódese regresar á pantalla do xeovisor pulsando no logo "APROMEX" sito na parte superior esquerda destas pantallas.

2.1.2 Estrutura xeral da pantalla

A seguinte figura amosa a pantalla inicial do xeovisor cos seus principais elementos numerados. Cada un deles descríbese en detalle nos apartados seguintes.




Figura 3. Pantalla do xeovisor e os seus elementos principais.

1. Logotipo de APROMEX: recarga a pantalla do mapa
2. Logos de entidades financiadoras e colaboradoras do proxecto
3. Acceso ao manual usuario
4. Selector de idioma
5. Menú de persoa usuaria (A miña conta / Iniciar sesión)
6. Panel de capas
7. Control temporal: calendario e hora de consulta
8. Eliminar (visualmente) todas as capas visualizadas no mapa
9. Amosar/ocultar reprodutor (animación temporal)

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola
(Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

10. Panel de consulta e incorporación de capas SIX procedentes do catálogo de capas do **CETMAR**
11. Visualización do xeovisor a pantalla completa
12. Zoom +
13. Zoom á extensión inicial do xeovisor
14. Zoom -
15. Mapas base
16. Comparador de mapas
17. Descargar do mapa en formato imaxe a unha contorna local
18. Ferramentas variadas
19. Cargar capa externa
20. Abrir táboa de atributos
21. Amosar lenda/lendas
22. Activar/desactivar modo consulta
23. Minimapa
24. Coordenadas do cursor e botón "Copiar coordenadas"
25. Escala gráfica

2.1.3 Cabeceira da aplicación

2.1.3.1. Logotipo

Ao premer no logotipo de APROMEX, situado na esquina superior esquerda, cárgase de novo a pantalla do mapa. Desde a pantalla do comparador de mapas ou desde a pantalla de xestión de usuarios tamén se permite volver ao xeovisor principal.

2.1.3.2. Financiación e colaboración

O botón «Financiación e colaboración» abre unha xanela con dúas pestanas:

- Financiadores: Cofinanciado pola Unión Europea, Fondos Europeos, Xacobeo 2027 e Xunta de Galicia.
- Institucións: CIMA (Centro de Investigacións Mariñas de Galicia) e **CETMAR** (Centro Tecnolóxico do Mar).



Figura 4. Xanela «Financiación e colaboración»: pestana Financiadores.



Figura 5. Xanela «Financiación e colaboración»: pestana Institucións.

2.1.3.3. Manual de usuario

O botón «Manual usuario» abre o manual de usuario da aplicación en formato PDF nunha nova pestana do navegador.

2.1.3.4. Selección de idioma

A aplicación pódese consultar en tres idiomas:

- Galego

- Castelán
- Inglés

O idioma selecciónase no despregable da cabeceira.




Figura 6. Selector de idioma.

2.1.3.5. Menú da persoa usuaria

Ao premer no nome da persoa usuaria («Anónimo» cando non se iniciou sesión) desprégase o menú «A miña conta», coa opción «Iniciar sesión» para acceder á parte privada do xeovisor.




Figura 7. Menú de persoa usuaria

2.1.4 Panel de xestión de capas

O panel de capas ábrese ao premer en «Panel de capas», na parte superior esquerda da pantalla. Desde el contrólase a visualización, a consulta e a representación de cada capa.

2.1.4.1. Organización en grupos temáticos

As capas organízanse en grupos e subgrupos temáticos que se despregan e se pregan ao premer no seu título, como se pode observar na seguinte imaxe.




Figura 8. Panel de capas co grupo "Mexillón" despregado

2.1.4.2. Ferramentas de cada capas

Cada capa do panel dispón dun conxunto de ferramentas, que se identifican na seguinte figura. Ao situar o cursor sobre cada icona amósase o seu nome.



Figura 9. Ferramentas das capas no panel de xestión de capas e no panel de capas activas

1. **Ordenar**: premendo na icona de tres liñas horizontais e arrastrando, a capa pódese mover cara arriba ou cara abaixo dentro do seu grupo.
2. **Activar/desactivar a visualización**: a icona en forma de ollo acende ou apaga a capa no mapa. Ao activala, o seu nome pasa a negra e o control temporal actualízase á primeira data con datos da capa (por exemplo, 26/01/2009 para a capa histórica de densidade larvaria).
3. **Amosar información**: abre unha xanela coa descrición da capa e o intervalo de datas para o que hai información.
4. **Ir ao primeiro tempo dispoñible**: actualiza o control temporal a unha data con datos da capa.
5. **Crear gráfica**: activa a consulta de información en forma de gráfica (apartado 2.7).
6. **Opacidade**: abre un control deslizante para regular a opacidade da capa, entre 0 % e 100 %.
7. **Amosar lenda**: abre o panel de lenda da capa.
8. **Extensión de capa**: fai zoom no mapa á extensión completa da capa.
9. **Selector de atributo**: nas capas que o teñen, permite escoller o atributo que se representa no mapa (por exemplo: *Mej_densidad_larvas_en_D*, *Mej_densidad_larvas_totales*, *Mej_densidad_larvas_umbonadas* ou *Mej_densidad_larvas_con_ojo*).
10. **Táboa de atributos**: abre a táboa de atributos da capa (apartado 2.1.9 deste documento).
11. **Quitar capa de mapa**: no panel de capas activas, desactiva a capa sen ter que ir ao panel principal.
12. **Abrir en panel**: no panel de capas activas, leva á posición da capa no panel principal.

Ademais, as capas engadidas desde o panel de capas SIX (procedentes do catálogo de metadatos do **CETMAR**) dispoñen da icona "Borrar capa" (con forma de papeleira vermella) que as elimina do panel de xestión de capas.



*Figura 10. Opción de eliminación de capas do panel de xestión de capas (incorporadas desde o catálogo de capas do **CETMAR**)*

Por outra parte, algunhas capas de puntos amosan tamén as opcións de:

- Agrupar puntos
- Mapa de calor




Figura 11. Ferramentas de visualización das capas con agrupación de puntos (1) e mapa de calor (2)




Figura 12. Visualización de capa en modo agrupación de puntos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 13. Visualización de capa en modo mapa de calor

A continuación, amósanse imaxes das funcionalidades indicadas anteriormente:




*Figura 14. Xanela "Amosar información" dunha capa importada do catálogo do **CETMAR***

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 15. Ir ao primeiro dato dispoñible no calendario. A imaxe da esquerda amosa o dato da capa o 19/07/2010; ao pulsar no botón con icona de calendario, a capa amosa automaticamente o seu primeiro dato dispoñible




Figura 16. Creación e consulta de información da capa en forma de gráfica

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 17. Control de opacidade dunha capa




Figura 18. Amosar lenda dunha capa

XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea
Fondos Europeos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 19. Mosaico de capturas dunha mesma capa representada segundo diferentes atributos. Estes atributos pódense ver na imaxe inferior dereita




Figura 20. Consulta da táboa de atributos dunha capa

2.1.4.3. Panel de capas activas

Debaixo do panel principal sitúase un panel secundario que lista as capas activas no mapa. Desde el pódese desactivar cada capa (icona «X», Quitar capa de mapa) ou ir á súa posición no panel principal (icona de frecha, Abrir en panel).




Figura 21. Panel de capas activas con dúas capas visibles.

2.1.4.4. Botóns inferiores do panel

Debaixo do panel de capas hai tres botóns:



- **Eliminar todas as capas do mapa** (icona de vasoira): elimina do mapa todas as capas activas visualmente.
- **Amosar/ocultar reprodutor**: abre ou pecha a ferramenta de animación temporal.
- **Abrir panel de capas SIX**: abre o catálogo de capas (apartado 2.4).

2.1.5 Panel de capas SIX (catálogo de capas)

O panel de capas SIX permite buscar capas no catálogo de metadatos do **CETMAR** e engadilas ao panel de capas. Ofrece as seguintes opcións:

- **Procurar**: campo de busca por texto.
- **Filtro de portais**: despregable para limitar a busca a un ou varios portais. Os portais dispoñibles son: APROMEX (subportal), Geocatálogo **CETMAR** (portal), Geoserver **CETMAR** (harvester), PCCMMG-PT7 (subportal), Xeocatalogo Xunta (harvester) e XeocatalogoXunta (subportal). Os portais seleccionados amósanse como etiquetas que se poden quitar coa «x».
- **Borrar filtros**: elimina o texto de busca e os portais seleccionados.
- Para cada capa amósase o título e un subtítulo, unha icona de información e a icona **Ver en GeoNetwork (catálogo de**

metadatos), que abre a ficha de metadatos da capa no catálogo GeoNetwork.

- **Seleccionar capa** (botón «+»): marca a capa para engadila. O contador da parte inferior indica o número de capas seleccionadas.
- **Paxinador**: permite moverse polas páxinas de resultados, incluídas a primeira e a última.
- **Engadir ao panel de capas**: engade as capas seleccionadas ao panel de capas.




*Figura 22. Panel de capas SIX do catálogo de metadatos do **CETMAR***




Figura 23. Desplegable de selección de portais

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 24. Busca filtrada polo Portal APROMEX cunha capa seleccionada

As capas engadidas incorpóranse ao panel de capas, no seu grupo temático, e teñen dispoñibles as funcionalidades das capas indicadas en apartados anteriores.

2.1.6 Control temporal

O control temporal, situado á dereita do botón «Panel de capas», indica a data e a hora para as que se consulta a información das capas. Ao premer nel desprégase un calendario no que a persoa usuaria pode:

- Cambiar de mes coas frechas laterais e cambiar o mes e o ano desde a cabeceira do calendario.
- Seleccionar o día de consulta. O día seleccionado amósase resaltado en azul escuro e os días sen datos para a capa amósanse en gris.
- Indicar a hora de consulta na parte inferior do calendario.




Figura 25. Calendario do control temporal

O control temporal está sincronizado co resto da aplicación:

- Ao activar unha capa, o calendario actualízase á primeira data con datos desa capa.
- A consulta de información do modo consulta devolve os datos da data e a hora seleccionadas.
- Durante a animación temporal, o calendario amosa en cada momento a data que se está a representar.

2.1.7 Animación temporal

O botón «Amosar/ocultar reprodutor» abre a ferramenta «Animación temporal» na parte inferior da pantalla. Permite reproducir en secuencia os datos das capas activas.




Figura 26. Controis da ferramenta de animación temporal

1. Data de inicio da animación.
2. Data de fin da animación.
3. Restabelecer o intervalo completo: recupera as datas de inicio e fin do intervalo completo.
4. Repetir: reinicia a animación ao chegar ao final.

5. Primeiro instante.
6. Anterior: retrocede un instante.
7. Reproducir/Pausa.
8. Seguinte: avanza un instante.
9. Último instante.
10. Barra de tempo: amosa o progreso da animación e, á dereita, o instante representado.
11. Velocidade: control deslizante que regula a velocidade da animación, medida en fotogramas por segundo (FPS).




Figura 27. Animación en curso: a data do calendario (06/04/2009) actualízase co avance da animación




Figura 28. Animación temporal establecida entre 2 datas fixadas pola persoa usuaria (25/05/2009 e 17/01/2011). O tempo fóra destas datas visualízase en cor vermella sobre a barra de reprodución

XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pola Unión Europea
Fondos Europeos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

2.1.8 Consulta de información en forma de gráfica

As capas que dispoñen da icona "Crear gráfica" permiten consultar os seus datos en forma de gráfica. O procedemento é o seguinte:

1. Activar a capa no panel de capas.
2. Premer na icona «Crear gráfica» da capa.
3. Premer no mapa sobre o elemento (por exemplo, unha estación) do que se queren consultar os datos. A aplicación amosa a indicación «Pulsa no mapa para seleccionar que coordenadas utilizar para crear a gráfica».

A continuación ábrese a xanela «Gráfica», co nome da capa, e o elemento seleccionado queda resaltado no mapa. A xanela pódese mover arrastrándoa pola súa barra de título.




Figura 29. Activación da xanela de consulta de información en formato gráfico para a capa "Densidade larvaria mexillón histórico (2009-2010)"




Figura 30. Detalle da gráfica da capa "Densidade larvaria mexillón históricos (2009-2010)" para unha estación

1. **Data de inicio** do período representado.
2. **Data de fin** do período representado.
3. **Actualizar datos**: recarga a gráfica despois de cambiar as datas.
4. **Cambiar coordenadas**: permite seleccionar outro elemento no mapa.
5. **Amosar/ocultar puntos en gráfica**.
6. **Exportar como CSV**: descarga os datos da gráfica.
7. **Exportar como PNG**: descarga a gráfica como imaxe.
8. **Lenda**: identifica as series representadas (neste exemplo, Larvas mexillón D e Larvas mexillón U).
9. **Control de zoom temporal**: barra inferior para acoutar o intervalo representado na gráfica.

O tipo de gráfica depende da configuración de cada capa (só accesible por parte do **CETMAR**), podendo existir as seguintes tipoloxías de gráficas: liña, barras, barras apiladas, área, área apilada, dispersión, histograma, tarta, ou donut.




Figura 31. Exemplo de gráfica de tipo "Barras apiladas"





Figura 32. Exemplo de gráfica de tipo "Tarta"

2.1.9 Táboa de atributos

A táboa de atributos permite consultar, filtrar e seleccionar os elementos das capas vectoriais. Ábrese desde o botón «Abrir táboa de atributos» da barra dereita ou desde a icona «Táboa de atributos» de cada capa.

A xanela da táboa pódese **minimizar**, **maximizar** e **pechar** cos botóns da súa barra de título.



	Estación	Data	Semana de mostraxe	Larvas mexillón D	Larvas mexillón U	Larvas mexillón con ollo	Larvas mexillón totais
	A4	2009-03-03	2009-03-02	1824.01	9.35	0	1833.36
	A4	2009-03-10	2009-03-09	486.59	189.23	13.52	689.34
	A4	2009-03-17	2009-03-16	249.35	0	0	249.35
	A4	2009-03-24	2009-03-23	3010.18	35	0	3045.18
	A4	2009-03-31	2009-03-30	276.86	115.36	11.54	403.75
	A4	2009-04-07	2009-04-06	9332.44	193.35	12.89	9538.68
	A4	2009-04-15	2009-04-13	159.35	0	13.28	172.62

Figura 33. Táboa de atributos (xanela maximizada) cun filtro aplicado

1. Selector de capa: lista as capas dispoñibles para consultar.
2. Recargar: volve cargar a táboa.
3. Atributo sobre o que se aplica o filtro.
4. Operador: <, >, <=, >=, =, <> ou LIKE.
5. Valor do filtro, introducido manualmente.
6. Engadir filtro.
7. Seleccionar fila: permite seleccionar elementos premendo nas filas da táboa.
8. Selección espacial: permite seleccionar elementos no mapa.
9. Limpar selección.
10. Condicional AND/OR para combinar varios filtros.
11. Filtros aplicados: despregable cos filtros engadidos.
12. Eliminar filtro: elimina o filtro seleccionado no despregable anterior.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

13. Amosar só elementos seleccionados.
14. Utilizar filtro temporal.
15. Ordenar de forma ascendente ou descendente polo atributo da columna.
16. Zoom ao elemento: a icona de lupa de cada fila centra o mapa nese elemento.

Exemplo de filtro. Para obter os rexistros con máis de 10.000 larvas de mexillón en fase D: seleccionar o atributo «Larvas mexillón D», o operador «>», escribir o valor «10000» e premer en «Engadir filtro» (+). O filtro engádese ao despregable de filtros aplicados («dens_lar_mex_d > 10000») e a táboa pasa de 1.921 rexistros a 18.

Na parte inferior da táboa indícase o número de rexistros amosados e o total (por exemplo, «Amosando 0 a 10 de 1921»), e a táboa dispón tamén da opción «Descargar».

2.1.10 Ferramentas de navegación

Na parte superior da barra de ferramentas da dereita sitúanse os botóns de navegación polo mapa:

- Pantalla completa: amosa o xeovisor a pantalla completa.
- Zoom + e Zoom -: achegan ou afastan o mapa.
- Zoom á extensión inicial: volve á vista inicial do xeovisor.

O mapa tamén se pode desprazar arrastrándoo co rato, ou cos dedos (en pantallas táctiles).

2.1.11 Mapas base

O botón «Mapas base» abre un panel para seleccionar o mapa de fondo. Os mapas base dispoñibles son: **PNOA**, **OpenStreetMap**, **Batimetría**, **Sentinel-2**, **Mapa ESRI oceánico** e **Mapa ESRI gris claro**. O mapa base activo amósase resaltado.

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2027 Cofinanciado por la Unión Europea Cofinanciado pola Unión Europea Fondos Europeos

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 34. Panel de mapas base co PNOA seleccionado

2.1.12 Comparador de mapas

O botón «Comparador» abre unha nova pestana do navegador cunha pantalla que permite comparar dous mapas:

- A pantalla divídese en dúas partes mediante unha barra vertical que se despraza á esquerda ou á dereita co botón de dobre frecha.
- Cada parte ten o seu propio control temporal, polo que se poden comparar datas distintas.
- Cada parte ten o seu propio panel de capas, que se abre e se pecha co botón de frecha do lateral correspondente, e un botón para eliminar todas as capas.
- A barra da dereita inclúe os botóns de pantalla completa, zoom +, zoom á extensión inicial, zoom - e un botón con icona de globo terráqueo.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 35. Pantalla do comparador cunha capa activa na parte esquerda para a data 26/01/2009, e o panel de capas da parte dereita aberto coa mesma capa pero para a data 20/07/2009.

2.1.13 Descarga do mapa en formato imaxe

O botón «Descargar PNG» abre unha xanela para descargar a vista actual do mapa como imaxe PNG. O campo «Nome do ficheiro» propón por defecto un nome co formato APROMEX_AAAAMMDD_HHMM (por exemplo, APROMEX_20261115_1744), que se pode modificar. A descarga confírmase con «Aceptar» e cancélase con «Cancelar».




Figura 36. Xanela "Descargar PNG"

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro

2.1.14 Ferramentas de xeometría

O botón «Ferramentas de xeometría» abre o panel «Ferramentas», que permite debuxar xeometrías no mapa e obter medidas de distancias e superficies. As ferramentas dispoñibles son:

- **Marcador**: engade marcadores puntuais.
- **Círculo**, **Liña**, **Rectángulo** e **Polígono**: debuxan a xeometría correspondente. No caso do polígono, prémese en cada vértice e a forma péchase premendo de novo no primeiro vértice. Mentres se debuxa, a aplicación amosa a distancia e a indicación «Fai clic para continuar debuxando a forma».
- **Buffer**: xera unha área de influencia arredor dunha xeometría xa debuxada. A distancia, en km, indícase no campo situado á dereita (por defecto, 2 km); despois prémese na xeometría.
- **Editar**, **Borrar** e **Borrar todo**: modifican ou eliminan as xeometrías debuxadas.
- **Gardar**: confirma os cambios realizados.
- **Desfacer**: desfai os cambios realizados.

Ao situar o cursor sobre unha xeometría amósanse as súas medidas: o perímetro (km) e a superficie (km²).




Figura 37. Panel "Ferramentas" de xeometría

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 38. Polígono debuxado coas súas medidas de perímetro e superficie




Figura 39. Buffer de 2 km xerado a partir do polígono anterior

2.1.15 Carga de capas externas

O botón «Cargar capa externa» abre a xanela «Engadir capas externas», que permite incorporar ao xeovisor información xeográfica externa. En primeiro lugar indícase o «Nome da capa» e despois escóllese unha das tres modalidades:

- KML: o botón «Ficheiro KML» permite seleccionar un ficheiro KML do equipo.

- GeoJSON: permite seleccionar un ficheiro GeoJSON do equipo.
- WMS/WMTS: indícase a «URL de WMS/WMTS» e, opcionalmente, «Parámetros JSON»; a carga realízase co botón «Cargar servizo».

Como o resto de xanelas, pódese minimizar, maximizar e pechar.




Figura 40. Xanela de "Engadir capas externas" e incorporación de capa KML de proba ao panel de xestión de capas

2.1.16 Lenda

O botón «Amosar lenda» da barra dereita abre o panel «Lenda», coas lendas das capas activas no mapa.




Figura 41. Panel de "Lenda"

2.1.17 Modo consulta

O botón «Activar/desactivar modo consulta» permite consultar a información dun elemento do mapa. Co modo activado, ao premer nun elemento ábrese unha xanela emerxente cos valores dos seus atributos para a data e a hora seleccionadas no control temporal. Na figura, a estación V2 na data 28/11/2011.




Figura 42. Xanela emerxente do modo consulta

2.1.18 Minimapa

O botón «Minimapa», na esquina inferior dereita, amosa un mapa de localización que sinala cun rectángulo vermello a zona visualizada no xeovisor. Premendo de novo no botón, o minimapa ocúltase.

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro




Figura 43. Minimapa de localización

2.1.19 Coordenadas e escala

Na esquina inferior esquerda amósanse a latitude e a lonxitude, en graos decimais, da posición do cursor sobre o mapa, xunto ao botón «Copiar coordenadas». A escala gráfica do mapa amósase na parte inferior.



Figura 44. Coordenadas do cursor, botón "Copiar coordenadas", e escala gráfica

Expediente cofinanciado pola Unión Europea-FEMPA Aumento potencial zonas de produción acuícola (Art.26) Porcentaxe cofinanciamento medida: 70% FEMPA e 30% Estado membro